FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Kasado, n.º 17. Oficina 10
36209 Vigo
secretaria@fedgalmon.gal – 986 208 758 – fedgalmon.gal

Circular acción formativa da EGAM: 8/2023, XORNADA DE FORMACIÓN CONTINUA PARA ÁRBITRO/AS AUTONÓMICOS/AS DE MARCHA NÓRDICA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO 2023

A Federación Galega de Montañismo (FGM) a través da Escola Galega de Alta Montaña (EGAM), convoca unha xornada de formación e habilitación para todos os **árbitros e árbitras de marcha nórdica da FGM** , que estén interesados/as na labor de arbitraxe nas competicións de marcha nórdica.

1. **Obxectivo da xornada**: actualizar o cadro de árbitros/as coa formación técnica, para cubrir as necesidades de arbitraxes nas distintas probas de marcha nórdica en Galicia a raíz do cambio regulamentario.

2. **Xornada habilitante**: a asistencia é requerida para aspirar a arbitrar probas oficiais da FGM neste 2023.

3. **Coordinación e dirección técnica do curso**: organiza a EGAM en colaboración coa vogalía de Marcha Nórdica da FGM. A docencia da xornada irá a cargo de Eduardo Gaviño, árbitro nacional FEDME.

4. **Prazas ofertadas**: máximo de 15 prazas.

5. **Prezo**: a participación na xornada é gratuíta para os/as árbitros/as, sufragada pola FGM, inclúe a comida pero non aloxamento nin desprazamentos.

6. **Lugar e datas**: a xornada realizarase o sábado 11-2-2023 na Casa da Xuventude de Lugo, rúa Xesús Bal y Gay, 26, 27002 Lugo , en horario de 09.30 h a 13.30h, e una parte práctica de 16.00h a 19.00 h no circuito da muralla de Lugo.

7. **Contidos, carga horaria e profesorado**:
   1. Novo regulamento de competicións de Marcha Nórdica (4h)
      1.1. Obxectivo: Dotar do máximo nivel de coñecemento sobre cada un dos puntos do regulamento e as súas posibles interpretacións, analizando e estudando casos prácticos.
      1.2. Contidos: Regulamento FGM de Competición de Marcha Nórdica.
      1.3. Profesorado: Eduardo Gaviño, coordinador de árbitros de marcha nórdica FEDME.
      1.4. Horario: sábado 11/II dende as 9.30h ata as 13.30h
   2. Práctica de técnica de arbitraxe en Marcha Nórdica (3h)
      2.1. Obxectivo: Consensuar os parámetros mediante os cales se poden, ou non, impor sancións aos deportistas.
      2.2. Contidos: Análise de situacións concretas nas que determinar comportamentos sancionables.
      2.3. Profesorado: Eduardo Gaviño, coordinador de árbitros de marcha nórdica FEDME.
      2.4. Horario: sábado 11/II dende as 16.00h ata as 19.00h

8. **Procedemento e criterios de avaliación:** o alumnado terá que:
   - Participar no 100% das sesións teóricas.
   - Facer unhas prácticas de arbitraxe satisfactorias.

9. Requisitos de acceso: estar en posesión da licenza federativa FGM do ano en curso, que cubra a práctica da marcha nórdica e ter superado o curso de árbitros/as de marcha nórdica FGM.

10. Forma de inscrición: As persoas interesadas terán que inscribirse en https://fedgalmon.gal e as prazas cubriranse por estricta orde de inscrición ata o **2 de febreiro de 2023.**
https://fgm.playoffinformatica.com/InscripcioWeb.php?idLliga=57

Máis información: na Federación Galega de Montañismo tel. 986 208 758, na rúa Fotógrafo Luís Ksado, 17 (of. 10) en Vigo, ou en marchanordica@fedgalmon.gal.